

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
21 DE XUÑO DE 2018**

Asistentes

Sra. 1ª Tte de Alcalde, alcaldesa en funcións

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ

MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA

ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

MARÍA ISABEL POISA REY

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS E TRINTA MINUTOS (20.30) do día VINTEÚN de XUÑO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia da 1ª Tte de Alcalde, alcaldesa en funcións, Dª. María Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Sen incidencias.

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

ORDE DO DIA

Único.- Elección de novo Acalde/Alcaldesa

Abre a sesión a 1ª Tte de Alcalde, Mª Cristina Cid Fernández, quen, por disposición legal, substitúe ó Alcalde en todas as súas funcións trala renuncia ao seu cargo de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2016.

Sendo cabeza de lista e polo tanto candidata ao cargo de Alcaldesa na subseguinte elección, vaise proceder de acordo coa normativa vixente á elección do novo Alcalde/Alcaldesa.

1. FORMACIÓN DA MESA.

A Mesa de Edade, integrada polos concelleiros electos de maior e de menor idade presentes no acto, e da que será Secretario o da Corporación, segundo dispón o artigo 195. 2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREX), quedou constituída por don José Daniel Rodicio Pérez, do grupo municipal do Partido Popular, concelleiro de maior idade, e dona Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, do grupo socialista do PSdeG-PSOE, concelleira de menor idade.

2. ELECCIÓN DA ALCALDESA.

A continuación, procedeuse á elección da Alcaldesa de entre as concelleiras que encabezan as correspondentes listas:

1. Dª. MARÍA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, polo BNG.
2. Dª. LUZ DOPORTO REAL, polo PP.
3. Dª. ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, polo PsdeG - PSOE.

Todo os concelleiros, chamados pola Mesa de Edade, por orde alfabética, depositaron o seu voto en urna mediante papeleta.

Terminada a votación, a Mesa de Edade efectuou o escrutinio, co seguinte resultado:

- Votos emitidos	(doce)	12
- Votos válidos	(doce)	12
- Votos en branco	(un)	1
- Votos obtidos polas candidatas:		

D ^a . MARÍA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, polo BNG.....	8
D ^a . LUZ DOPORTO REAL, polo PP.....	3
D ^a . ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, polo PsdeG - PSOE...	0

En consecuencia, sendo 13 o número de concelleiros que integran esta Corporación local e 7 a maioría absoluta legal, resultou eleixida Alcaldesa D^a. MARÍA CRISTINA CID FERNÁNDEZ.

3. ACEPTACIÓN E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDESA.

A continuación procedeuse á toma de posesión do cargo de Alcaldesa. Para elo, coa debida formalidade, o presidente da mesa de edade deu lectura pública á normativa de aplicación, o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que se regula a fórmula para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas. Esta norma, no seu artigo 1, establece que a fórmula prevista se lle formule en forma de pregunta a quen toma posesión do cargo ou ben que, quen deba facelo, preste xuramento ou promesa persoalmente.

A Alcaldesa optou pola promesa prestada persoalmente prevista no citado artigo 1 do RD 707/1979 declarando:

Eu, María Cristina Cid Fernández, prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcaldesa, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado, e sobre todo -engadiu- comprométome con todos os veciños e veciñas de Allariz a seguir traballando neste camino que levamos emprendido hai xa casi 30 anos. Moitas gracias. Concluiu.

A continuación, tras a agradecer a presenza de todos os veciños e veciñas neste acto, con especial distinción aos familiares mais próximos, pediu que se lle permitira dirixir as primeiras palabras os seus fillos e aos seus pais a quen es agradeceu paciencia e pediu disculpas polas súas ausencias obrigadas pola dedicación ao cargo; pero sobre todo creo que nunca agradeceréi o suficiente, afirma, todo o traballo por inculcarnos ao meu irmán e a min ese compromiso social e político que sempre foi unha constante na nosa casa (e na de esa segunda familia que son Marisol, Felix Tomás e os seus fillos).

Ese ambiente foi o que me levou, afirma, a tomar unha das decisións máis importantes da miña vida, que foi a de manter un compromiso político con Allariz, con Galicia e co BNG, que dura xa máis de 30 anos.

Quero agradecer tamén aos meus compañeiros de Grupo de Goberno e do BNG o seu apoio e confianza para asumir esta responsabilidade, na confianza de que este magnífico grupo de persoas que me acompaña e ao que se sumará Olga Quintana [Devesa], en substitución de Paco [Francisco García Sáez] que son un exemplo de compromiso, de traballo e compañerismo e tamén de alegría. Continuaremos traballando na mesma liña, sinala.

En resposta a unha pregunta que moitas persoas me veñen formulando tantas persoas, se non lle asusta un pouco ser a persoa que substitúe a Quin [Anxo Quintana González] e Paco [Francisco García Suárez] levaa a reflexionar sobre o traballo feito por eles neste anos.

O día 1 de xaneiro de 2000 ás 20.30 horas celebrouse o pleno no que Francisco García [Suárez] asumía o relevo de Anxo Quintana [González] no cargo de Alcalde. Aquel día Paco [Francisco García Suárez] comezaba o seu discurso recoñecendo a labor de Quintana ao fronte da Alcaldía coas seguintes palabras: “No tempo que estivo ao fronte da Alcaldía escribíronse unhas das páxinas máis brillantes da historia de Allariz” e expresaba a súa firme vontade de manter a mesma liña de xestión política.

Anxo Quintana, a quen todos coñecemos como *Quin*, ensinounos, máis ben obrigounos, a soñar no futuro, e o fixo indicándonos dende o alto do Castelo a necesidades de mirar para o territorio (dende alí vese boa parte do concello) e soñar sobre o que nos gustaría ver ao cabo de 20 anos.

Si algo caracterizou a Quin sempre foi esa capacidade para pensar a longo prazo e para diseñar estatexias. E como propuxo que soñáramos, soñamos con él e con Paco [Francisco García Suárez] en ver nenos e nenas polas rúas, con incremento da poboación, con comercios e hostelería na nosa Vila, con ter parque empresarial, cun casco histórico rehabilitado, con escolas deportivas e culturais, cunha casa da mocidade; cidade deportiva, recollida selectiva, piscina climatizada, xantar sobre rodas, axuda a domicilio. Soñamos cun Allariz máis igualitario, con programación cultural estable, soñamos con gando nos nosos montes, con dignificar a vida nas parroquias. E para facelo, non podía ser doutra forma, soñamos e soñamos sempre en galego, no noso idioma, co orgullo da nosa identidade que guiou e seguirá guiando todas as nosas actuacións.

Eu, que teño a sorte de ter traballado cos dous alcaldes, sei que lonxe de ser como decía Paco [Francisco García Suárez], dos exalcaldes, xarróns que non sabes onde colocar, van ser unha importante axuda. Creo firmemente que desprezando o coñecemento e a experiencia que tanto atesouran sería unha grande soberbia, e por qué non decilo, estupidez, pola miña parte, que non tería perdón.

No Pleno celebrado o día 15 no que Paco García [Francisco García Suárez] deixou de ser Alcalde de Allariz (que non o noso Alcalde), tanto él como Quin [Anxo Quintana González], serán sempre os nosos alcaldes. Exemplarizouse perfectamente a forma de ser que ten guiado as súas actuacións, tanto que estes días máis dun periodista tenme dito que “nin para os relevos sodes iguais, tivo momentos emotivos, outros divertidos, e ata non faltaron as sorpresas”.

Xa no ano 2015, cando tomaba posesión, falaba da importancia dos xestos, en alusión a ese bastón de mando que dende o ano 89 segue gardado no concello e que nunca usaremos, e rematou o seu mandato convertindo o Pleno nun auténtico xesto. Xesto de xenerosidade, de humildade, de bo facer, de creatividade, de entrega, de honradez, de compromiso é de amizade.

Recordades que sorpredeunos a todos con dous agasallos cargados de simbolismo. O primeiro, esta camisa do gremio do sedeño. Eu, Paco [Francisco García Suárez], que son consciente da importancia dos símbolos, sei o que significa esta camisa para nós: o espírito do boi, presente nos corazóns dos alaricanos, símbolo de tradición e modernidade. Decía Marcial Suárez que a Festa do Boi escomenza xa antes de escomenzar e ti eres o mellor exemplo de que ese espírito vive todo o ano.

No libro publicado no ano 2003 que conmemoraba os 20 anos da súa recuperación escribía Quin [Anxo Quintana González]: “Con esta festa aprendimos a socializar os risos, e con elo as vivencias e o anecdotario colectivo que nos definen como pobo”; ou tamén o que ti Paco [Francisco García Suárez] ves chamando orgullo do noso. Por eso sei da importancia deste símbolo.

Pero xunto a este agasallo tiñas outro, que daba conta da importancia e da calidade do sector artesanal en Allariz.

A ningún se nos escapou, o simbolismo do agasallo, non só polo dito, senón tamén pola importancia do sector da curtición no pasado alaricano.

E, amigo Paco tamén quedou ao descuberto algo do que presumes, aínda que non o mencionaras, que é a relación do agasallo co gremio de curtidores ao que pertences. Agradezo moito o agasallo, pero de panadeira a curtidor permíteme Paco que eu tamén che entregue unha mostra do bó facer dos panadeiros e panadeiras deste gremio. Sei que levas aos curtidores no corazón... pero coñecendo os teus gustos pola cociña ofrecemos asilo si o necesitas no noso gremio.

Os panadeiros máis novos do gremio, Breo e Hugo, van axudarme co agasallo, que inclúe mostras, manuais e utensilios para practicar e que podas ingresar nun posto de honor no noso gremio.

A continuación fai entrega dun agasallo ao excalde Francisco García Suárez.

Este días, Paco, iniciamos tamén as xestións para facer realidade unha proposta, recollendo o ofrecemento do presidente da Asociación Española de Paisaxismo de incorporar ao proxecto do Festival, da man da Asociación, a recoñecidos paisaxistas internacionais que den unha proxección maior a nivel de promoción, con propostas paisaxísticas. E acordamos que ese grupo que se formalizará en forma de Amigos do FIXA, teña como primeiro integrante a túa persoa, asumindo esa labor de coordinación do mesmo, pero tamén de anfitrión nas súas visitas, sendo como é coñecido que é un proxecto no que tes posto moito traballo e moito corazón.

E como agora non eres alcalde e si gastábamos bromas cando o eras, agora entenderás que non vamos parar, tes marxe de manobra, os compañeiros e compañeiras do grupo de goberno queren que tomes en consideración a maqueta que hai uns anos che fixemos, na que ademais saíamos todos, e intentes colara nalgunha edición, ou polo menos que non nos fagas o feo de deixala no despacho.

A continuación fai entrega formal do agasallo ao excalde (unha maqueta que representa unha proposta paisaxística do FIXA).

Despois deste paréntese, gustaríame decirvos que, no nome do grupo de goberno, comprometémonos a manter todos e cada un dos compromisos adquiridos, aquilo que queda pendente do programa co que nos presentamos ás eleccións do 2015 e a impulsar proxectos que complementen ese programa.

Este non é un novo período, é a continuación do iniciado no 2015, pero sí podemos afirmar, non desistiremos en esforzos para intentar frear o problema máis importante que sofren as nosas parroquias: o despoboamento, polo que pór as superficies a producir seguirá a ser un dos nosos maiores retos.

A dinamización económica debe ocupar tamén boa parte do noso tempo, conscientes de que boa parte do noso desenvolvemento depende do papel de dinamización que exerce o Concello. Pero tamén somos conscientes de que hoxe existe un tecido económico en Allariz con iniciativas propias, dinámico, que ten feito inversións e apostas importantes e que debemos saber asumir o papel de acompañantes deles, nun segundo plano, pero sempre atentos ás súas necesidades.

Nese novo escenario pode xogar un papel importante o Centro de Feiras e o Centro de Convencións que proxectamos. Levamos semanas traballando no documento presentado pola oposición do Partido Popular e que creo que se pode conseguir un consenso capaz de formular a curto prazo unha proposta de deseño urbanístico que podamos remitir á Xunta, para poder así iniciar os traballos de deseño do mesmo.

A calidade de vida coa que contamos tamén é determinante á hora de incrementar a poboación. Por eso, revisaremos coa participación de todos e todas, as necesidades deste Allariz que dende hai tempo conta cunha poboación dinámica e cambiante, que nada ten que ver con aquel Allariz de hai 20 anos. Soñábamos con nenos e nenas nas rúas, e témolos, e é o momento de darlles a palabra. No mes de setembro constituiremos o Consello dos Nenos, e discutiremos con eles aspectos esenciais desa calidade de vida, ao tempo que educamos na concienciación da vida en comunidade, e que fará que estes sillóns tamén sexan ocupados por eles.

Sei que debo ir rematando e non abusar máis do voso tempo, pero non quero facelo sen agradecer a todos os veciños e veciñas que estades aquí, e aos que chaman, para mostrar o seu apoio. As portas deste Concello, como sempre, estarán abertas de par en par.

Tamén agradezo á plantilla municipal que estes días en forma de flores ou de abrazos ten mostrado o seu lado máis cariñoso, grazas de corazón.

Para rematar quero decirvos que si xa é un reto esta nova etapa, e máis polo feito de ser muller, son consciente de que aínda existe unha esixencia maior para aqueles cargos ocupados por mulleres, quero decirvos que é imprescindible e de xustiza levar as institucións a unha normalidade; o que non é normal é o que sucede en moitas delas.

Hai anos marcamos o obxectivo de traballar activamente a prol da igualdade. Dende hai tempo nesta Corporación e neste Concello é unha realidade. Pero debemos seguir traballando por una sociedade igualitaria. Comprometéndonos dende aquela a facelo. E tomando prestada, aínda que só sexa por esta vez, gustaríame decirvos, xunto con Paco, ánimo e adiante!

Seguidamente un grupo de veciñas fíxolle entrega do agasallo á nova Alcaldesa, unha cerámica que ten gravado un rostro de muller, cunhas palabras de benvinda e desexo e boa gobernanza.

Finalmente, a Alcaldesa, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE